



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SERVIZO CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

*Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

**MODIFICADO BECERREÁ.- CONSTRUCCIÓN CENTRO DE DÍA E RESIDENCIAL EN BECERREA (EX0120B17AB)**

**EXPTE GTM: 2020/PES\_03/017515**

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O PRESIDENTE, JOSÉ TOMÉ ROCA, por decreto de data 26-07-2019. O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONOMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 3233

### CONCELLOS

ABADÍN

*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local deste concello, aprobou os seguintes Padróns do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básica e Lei de Dependencia:

**Sesión do día 23/10/2020:**

- Padrón correspondente ao mes de agosto de 2020.

**Sesión do 04/12/2020:**

- Padrón correspondente ao mes de setembro de 2020.
- Padrón correspondente ao mes de outubro de 2020.

Ditos padróns expoñense ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar contra os mesmos as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que ditas publicacións servirán de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Abadín, 9 de decembro de 2020.- O alcalde, José M<sup>a</sup> López Rancaño.

R. 3234

### BECERREÁ

*Anuncio*

#### EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 04/12/2020, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de decembro do 2020 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 04/02/2021. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 7 de decembro de 2020.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3235

---

#### GUITIRIZ

##### *Anuncio*

O Pleno do Concello de Guitiriz, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de novembro de 2020, aprobou o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable deste Concello, ao amparo da Orde do 5 de maio de 2020 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020. O documento pódese consultar na sede electrónica do Concello de Guitiriz.

Ao abeiro co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información pública e Bo Goberno, faise público para coñecemento xeral.

Guitiriz, 11 de decembro de 2020.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 3236

---

#### MONDOÑEDO

##### *Anuncio*

En cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que transcorrido o prazo de información pública do expediente administrativo do Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2021, aprobado inicialmente en sesión plenaria de 18 de Novembro do 2020, e non téndose presentado reclamación administrativa algunha contra o mesmo durante o período de exposición, considérase definitivamente aprobado, sendo o seu resumo por capítulos o seguinte:

**ESTADO DE GASTOS**

| CAP.                               | DESCRIPCION                                | CONSIGNACION        |
|------------------------------------|--|---------------------|
| 1                                  | GASTOS DE PERSONAL                         | 1.988.769,47        |
| 2                                  | GASTOS CORRIENTES EN BENS E SERVIZOS       | 1.126.252,80        |
| 3                                  | GASTOS FINANCIEROS                         | 6.000,00            |
| 4                                  | TRANSFERENCIAS CORRENTES                   | 68.300,00           |
| 5                                  | FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS | 4.923,28            |
| 6                                  | INVERSIÓN REAIS                            | 634.142,31          |
| 7                                  | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL                  | 0,0                 |
| 8                                  | ACTIVOS FINANCIEROS                        | 0,0                 |
| 9                                  | PASIVOS FINANCIEROS                        | 0,0                 |
| <b>TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS</b> |  | <b>3.828.387,86</b> |

**ESTADO DE INGRESOS**

| CAP.                                 | DESCRIPCION                              | CONSIGNACION        |
|--------------------------------------|--|---------------------|
| 1                                    | IMPOSTOS DIRECTOS                        | 1.442.391,25        |
| 2                                    | IMPOSTOS INDIRECTOS                      | 40.000,00           |
| 3                                    | TASAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS | 522.400,00          |
| 4                                    | TRANSFERENCIAS CORRENTES                 | 1.314.610,08        |
| 5                                    | INGRESOS PATRIMONIALES                   | 23.249,60           |
| 6                                    | ENAXENACIÓN DE INVERSIÓN REAIS           | 0,0                 |
| 7                                    | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL                | 485.736,93          |
| 8                                    | ACTIVOS FINANCIEROS                      | 0,0                 |
| 9                                    | PASIVOS FINANCIEROS                      | 0,0                 |
| <b>TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS</b> |  | <b>3.828.387,86</b> |

Do mesmo xeito en cumprimento do disposto no artigo 127 do RDL 781/1986, de 18 de abril, faise pública a plantilla de persoal:

**PLANTEL DE PERSONAL 2021**

## RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

## 1.- SECRETARÍA E SERVIZOS ECONÓMICOS.

| IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABAJO |  |    |          |    |    | REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO |        |         |                            |
|--|--|----|----------|----|----|-----------------------------|--------|---------|----------------------------|
| Nº   | DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABAJO           | DO | Nº Praza | RX | CD | SITUACION                   | GR/SGR | ESC/SUB | PRAZA                      |
| 001  | Secretario/a-Interventor/a                 |    | 1        | F  | 28 | Definitiva                  | A1/A2  | FHN/SI  | Secretario/a-Interventor/a |
| 007  | Técnico/a administración persoal e emprego |    | 1        | F  | 23 | Vacante                     | A2     | AX/X    | Técnico/a Xestión          |
| 009  | Responsable tramitación asuntos secretaría |    | 1        | F  | 22 | En propiedade               | C1     | AX/ADM  | Administrativo/a           |

|     |  |   |   |    |               |       |           |                           |
|-----|--|---|---|----|---------------|-------|-----------|---------------------------|
| 010 | Responsable contabilidade e tramitación de asuntos de intervención                   | 1 | F | 23 | En propiedade | B     | AX/ADM    | Administrativo/a          |
| 016 | Responsable rexistro, padrón, tramitación expedientes diversos e atención á alcaldía | 1 | F | 20 | En propiedade | C1/C2 | AX/AD-AUX | Administrativo/a-Auxiliar |
| 017 | Responsable tramitación asuntos tesouraría e recadación                              | 1 | F | 20 | Vacante       | C1/C2 | AX/AD-AUX | Administrativo/a-Auxiliar |

## 2.- SERVIZOS SOCIAIS E BENESTAR.

## Unidade Servizos Sociais e Benestar

| IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO |  |     |    |    | REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO |        |         |                      |
|---|--|-----|----|----|-----------------------------|--------|---------|----------------------|
| Nº  | DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO                        | Dot | RX | CD | SITUACIÓN                   | GR/SGR | ESC/SUB | PRAZA                |
| 004   | Responsable unidade servizos sociais e benestar          | 1   | F  | 25 | Vacante                     | A2     | AE/T/M  | Traballador/a Social |
| 005   | Traballador/a social                                     | 1   | F  | 23 | Vacante                     | A2     | AE/T/M  | Traballador/a Social |
| 027 a 037   | Auxiliar axuda no fogar (xornada completa)               | 11  | L  | 14 | Vacante                     | C2/AP  |         | Auxiliar Axuda Fogar |
| 038   | Auxiliar axuda no fogar (xornada tempo parcial-25 horas) | 1   | L  | 14 | Vacante                     | C2/AP  |         | Auxiliar Axuda Fogar |
| 039   | Auxiliar axuda no fogar (xornada tempo parcial-30 horas) | 1   | L  | 14 | Vacante                     | C2/AP  |         | Auxiliar Axuda Fogar |

## 3.- CULTURA, TURISMO, DEPORTE E MOCIDADE.

| IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO |   |     |    |    | REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO |            |                        |                                     |
|---|---|-----|----|----|-----------------------------|------------|------------------------|-------------------------------------|
| Nº  | DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO                 | Dot | RX | CD | SITUACIÓN                   | GR/SGR     | ESC/SUB                | PRAZA                               |
| 003   | Dinamizador/a actividades deportivas              | 1   | F  | 21 | Vacante                     | A1/A2      | AE/T/S-M               | Mestres/ graduados Educación Física |
| 008   | Dinamizador/a cultura e Turismo                   | 1   | F  | 20 | Vacante                     | A1-A2-B-C1 | AX/T-X-ADM//AE/T/S-M-A |                                     |
| 020   | Auxiliar biblioteca e actividades literarias      | 1   | F  | 16 | Vacante                     | C2         | AE/SE/CE               | Auxiliar Biblioteca                 |
| 019   | Auxiliar oficina municipal información á mocidade | 1   | F  | 14 | Vacante                     | C2         | AE/SE/CE               | Auxiliar OMIM                       |

## 4.- URBANISMO OBRAS E SERVIZOS

## 4.1 Unidade servizos urbanísticos

| IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO |   |     |    |    | REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO |        |         |                                |
|---|---|-----|----|----|-----------------------------|--------|---------|--------------------------------|
| Nº  | DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO           | Dot | RX | CD | SITUACIÓN                   | GR/SGR | ESC/SUB | PRAZA                          |
| 002   | Responsable unidade servizos urbanísticos   | 1   | F  | 26 | Vacante                     | A1     | AE/T/S  | Arquitecto                     |
| 006   | Arquitecto/a técnico/a (1/2 xornada)        | 1   | F  | 23 | Vacante                     | A2     | AE/T/M  | Arquitecto/ Arquitecto técnico |
| 018   | Encargado/a oficina de apoio administrativo | 1   | F  | 18 | Vacante                     | C2     | AX/AUX  | Auxiliar                       |

## 4.2.- Unidade mantemento edificios

| IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO |   |     |     |    | REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO |        |          |           |
|---|---|-----|-----|----|-----------------------------|--------|----------|-----------|
| Nº  | DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO                   | Dot | RX  | CD |                             | GR/SGR | ESC/SUB  | PRAZA     |
| 040   | Conserxe coordinador/a unidade mantemento edificios | 1   | F   | 14 | En propiedade               | AP     | AX/SUB   | Conserxe  |
| 044   | Operario/a servizos múltiples-Encargado/a Albergue  | 1   | F/L | 13 | Vacante                     | AP     | AE/SE/PO | Operarios |
| 048 a 050   | Operarios/as servizos múltiples                     | 3   | F/L | 13 | Vacante                     | AP     | AE/SE/PO | Operarios |

## 4.3 Unidade mantemento xardíns, espazos naturais e limpeza viaria

| IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO |  |     |     |    | REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO |        |          |          |
|---|--|-----|-----|----|-----------------------------|--------|----------|----------|
| Nº  | DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO            | Dot | RX  | CD | SITUACIÓN                   | GR/SGR | ESC/SUB  | PRAZA    |
| 045   | Operario/a servizos múltiples-condutor-obras | 1   | F/L | 13 | Vacante                     | AP     | AE/SE/PO | Operario |
| 051 a 053   | Operarios/as servizos múltiples              | 3   | F/L | 13 | Vacante                     | AP     | AE/SE/PO | Operario |

## 4.4. Unidade de obras e servizos

| IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO |   |     |     |    | REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO |        |          |          |
|---|---|-----|-----|----|-----------------------------|--------|----------|----------|
| Nº  | DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO   | Dot | RX  | CD |                             | GR/SGR | ESC/SUB  | PRAZA    |
| 021   | Coordinador/a unidade obras e servizos  | 1   | F/L | 17 | Vacante                     | C2     | AE/SE/PO | Oficial  |
| 022 a 025   | Oficiais servizos múltiples-condutores  | 3   | F/L | 15 | Vacante                     | C2     | AE/SE/PO | Oficial  |
| 042   | Operario/a servizos múltiples-condutor-obras- Encargado/a Cemiterio               | 1   | F/L | 13 | Vacante                     | AP     | AE/SE/PO | Operario |
| 043   | Operario/a servizos múltiples-condutor-obras- Encargado/a instalacións deportivas | 1   | F/L | 13 | Vacante                     | AP     | AE/SE/PO | Operario |
| 046-047   | Operarios/as servizos múltiples-condutores-obras                                  | 2   | F/L | 13 | Vacante                     | AP     | AE/SE/PO | Operario |

## 5.- SERVICIOS DE SEGURIDADE.

## Corpo de Policía Local

| IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO |                                   |     |    |    | REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO   |        |          |                       |
|---|-----------------------------------|-----|----|----|-------------------------------|--------|----------|-----------------------|
| Nº  | DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO | Dot | RX | CD | SITUACIÓN                     | GR/SGR | ESC/SUB  | PRAZA                 |
| 011   | Xefe/a corpo policía local        | 1   | F  | 22 | Vacante                       | C1     | AE/SE/PL | Oficial Policía local |
| 012 a 014   | Policías locais                   | 3   | F  | 20 | 1 En propiedade<br>2 Vacantes | C1     | AE/SE/PL | Policía local         |
| 015   | Policía local                     | 1   | F  | 20 | En propiedade                 | C1     | AE/SE/PL | Policía local         |

|     |                        |   |   |    |         |    |          |                        |
|-----|------------------------|---|---|----|---------|----|----------|------------------------|
| 026 | Auxiliar policía local | 1 | F | 16 | Vacante | C2 | AE/SE/PL | Auxiliar policía local |
|-----|------------------------|---|---|----|---------|----|----------|------------------------|

**PERSONAL LABORAL TEMPORAL**

| <b>PERSOAL LABORAL TEMPORAL</b>              |           |
|--|-----------|
| TRABALLADORA SOCIAL                          | 2         |
| PSICOLÓGA CIM                                | 1         |
| AVOGADA CIM                                  | 1         |
| ARQUEÓLOGO                                   | 1         |
| AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR                 | 21        |
| COORDINADORA EDUCADORA AT. TEMPERÁ           | 1         |
| PSICOPEDAGOGA ATENCIÓN TEMPERÁ               | 1         |
| LOGOPEDA ATENCIÓN TEMPERÁ                    | 1         |
| TÉCNICOS DEPORTES E EMPREGO (AEDL)           | 2         |
| PERSONAL DE OBRAS                            | 15        |
| ARQUITECTO                                   | 1         |
| AUXILIAR OFICINAS                            | 2         |
| PROFESORES ESCOLA MÚSICA                     | 3         |
| AUXILIARES BIBLIOTECA E OFICINA INF. XUVENIL | 2         |
| AUXILIAR POLICÍA LOCAL                       | 1         |
| SOCORRISTA                                   | 1         |
| <b>TOTAL PERSOAL LABORAL TEMPORAL</b>        | <b>56</b> |

O plantel de persoal laboral temporal poderá incrementarse coas subvencións que este Concello poida recibir dos Organismos Oficiais para financiar a contratación de persoal ou ben por motivos de extrema urxencia e necesidade para atender servizos prioritarios dentro do marco da estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Segundo o disposto no artigo 171.1 do citado Real Decreto Legislativo 2/2004, poderase interpoñer directamente contra o referenciado orzamento xeral, recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende a data seguinte á publicación deste anuncio.

Mondoñedo, a 15 de Decembro do 2020.- O ALCALDE, Manuel Angel Otero Legide.

R. 3249

## NEGUEIRA DE MUÑIZ

### *Anuncio*

#### FOMENTO DO EMPREGO

Mediante Resolución de Alcaldía do 20/10/2020, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento Fomento do Emprego 2020, ao abeiro do cal se contratará, por un período de seis meses, a catro "Operarios de Servizos múltiples" e un Auxiliar Administrativo. O prazo de presentación de instancias será de 7 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases da convocatoria estarán a disposición dos interesados na páxina web municipal ([www.concellodenegueira.es](http://www.concellodenegueira.es)) e no taboleiro de anuncios (planta baixa da Casa Consistorial do Concello de Negueira de Muñiz, sita na Praza Maior s/n, 27113 de Negueira).

Negueira de Muñiz, 14 de decembro de 2020.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 3237

## OUROL

### *Anuncio*

#### EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oourol en sesión extraordinaria celebrada o día 17 de novembro de 2020, prestou aprobación inicial ao **Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de OUTUBRO de 2020 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de tres mil cento noventa e cinco euros con setenta e oito céntimos (3.195,78 €), correspondendo mil douscentos trinta e oito euros con oitenta e cinco céntimos (1.238,85 €) a libre concorrencia e mil novecentos cincuenta e seis euros con noventa e tres céntimos (1.956,93 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Oourol, 9 de decembro de 2020.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 3238

## RIOTORTO

### *Anuncio*

Transcríbese o acordo plenario adoptado en sesión ordinaria de 04 de decembro de 2020 xunto coa ordenanza aprobada definitivamente:

**“3.- RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS Á ORDENANZA REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS E POLAS CANTEIRAS. APROBACIÓN DEFINITIVA NO SEU CASO DA ORDENANZA.**

*Por Secretaría, de orde da Presidencia, deuse conta ao Pleno do estado actual do expediente para a aprobación da ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras.*

*Considerando que a citada ordenanza foi aprobada inicialmente polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 07 de agosto de 2020.*

*Considerando que durante a exposición pública do citado acordo da ordenanza e do resto do expediente polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncios insertos no BOP e no Taboleiro de anuncios deste Concello en data 14 de agosto se presentaron as seguintes reclamacións:*

- A subscrita pola Asociación de veciños e veciñas de Santa Comba da Órrea.
- A subscrita pola Sociedade de Fomento Forestal “Monte de Candedo”.

- A subscrita por D. Elier Ojea Ureña en representación da Federación Empresarial de Aserraderos y Rematantes de Maderas de Galicia (FEARMAGA).

- A subscrita por D. Daniel Díaz Ramos en representación da Asociación Provincial de Empresarios de Primera Transformación de la Madera de Lugo.

As reclamacións citadas constan no oportuno expediente.

Considerando que se emiten informes polo Servizo de asistencia xurídica, económica e técnica dos concellos da Deputación Provincial de Lugo unidos ao expediente respectivo e favorables á desestimación das reclamacións presentadas.

Considerando que se emite informe pola Secretaría municipal, sobre o seu informe económico-financieiro, unido tamén ao expediente respectivo e favorable á desestimación das reclamacións presentadas.

A corporación, tras deliberacións, acorda co voto favorable dos seis concelleiros do grupo municipal do PP:

1.- Desestimar as reclamacións presentadas

2.- Aprobar definitivamente o texto da ordenanza sen introducir na mesma modificación ou corrección algunha, publicando o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios.

3.- Notificar este acordo cos recursos procedentes aos reclamantes.

4.- Remitir copia desta ordenanza á administración do Estado e á Xunta de Galicia.

Os dous concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE abstéñense sobre a aprobación desta ordenanza, e o concelleiro do grupo municipal do BNG, vota en contra da súa aprobación.

O texto da ordenanza figura unido ao expediente respectivo."

## **ORDENANZA REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS E POLAS CANTEIRAS**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O sector forestal e a actividade madeireira con el asociada, constitúe un sector económico moi relevante neste Concello, tanto pola súa extensión como polo que supón para a sustentabilidade económica dos veciños/as.

A explotación forestal do monte e, concretamente, o transporte dos aproveitamentos do mesmo, nomeadamente o transporte, arrastre, depósito e carga, entre outros, derivado da corta de madeira polas vías de titularidade municipal, supón un uso do dominio público municipal dunha intensidade que, en moitos casos, impide o uso normal xeral por parte do resto dos usuarios/as das mesmas polo deterioro que producen no firme das mesmas os usos antes nomeados.

Por outro lado, os danos producidos polos usos antes referidos, obriga ao concello a realizar gastos de contía extraordinaria para o mantemento do viario municipal que soporta estes tráxicos en condicións que permitan o uso normal e xeral dos camiños e vías municipais ao ten dereito a veciñanza e a xeneralidade dos usuarios/as calquera que sexa o seu lugar de residencia; é dicir, o concello vese obrigado a facer estes esforzos orzamentarios para facer fronte aos danos producidos polos tráxicos referidos de forma que se poida compatibilizar tales usos cos usos normais e xerais aos que están, precisamente, destinados. Dito doutra maneira, de non existir un uso das vías municipais por parte das empresas madeireiras que antes referíamos, o mantemento dos mesmos para o uso común xeral por todos os cidadáns soamente precisaría de gastos ordinarios que son os que comunmente se fan nas vías non usadas polo transporte, arrastre, depósito e carga, derivado da corta de madeira.

Tal uso, polas súas especiais características derivadas dos medios empregados, así como da súa intensidade á que se someten as vías de depósito e saca da madeira cortada, configuran un USO COMÚN ESPECIAL das vías municipais, de conformidade con canto se establece polo artigo 75.1.b) do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño. Uso especial que a presente Ordenanza regula.

Uso especial que, como xa se dixo, incide de forma extraordinaria nos custes de mantemento das vías municipais afectadas polo mesmo, para que poidan servir ao uso normal e común que constitúe a finalidade última das mesmas.

A explotación das canteiras existentes, se ben con menor importancia económica que o sector forestal, ten unha incidencia nas vías municipais análoga á da explotación forestal, anque moito máis reducida cuantitativamente, polo escaso número de explotacións; agora ben, dada a intensidade que este uso supón e a incidencia no deterioro das vías empregadas polo transporte dos produtos extraídos, en especial nas inmediacións das mesmas, este uso cualifícase de USO COMÚN ESPECIAL.

Sen do certo que o municipio carece de competencias regulatorias da explotación forestal dos montes e da corta de madeira da mesma derivada, non o é menos que o municipio ostenta plena capacidade e competencia para regular o uso das vías públicas municipais, así como para a defensa e policía das mesmas.



A presente Ordenanza non incide, nin directa nin indirectamente, na regulación das cortas nin na actividade forestal no municipio, actividade sobre á que o municipio non ten competencia, limitándose, como non podía ser doutra maneira, a protexer as vías públicas municipais fronte ás consecuencias que o depósito, arrastre e transporte de madeira, cualificando tales usos como usos especiais e regulándoos de forma que se compatibilice tal uso especial que das mesmas se fai polas empresas madeireiras co uso común xeral da veciñanza e demais cidadáns. Compatibilidade de usos que para materializarse de forma efectiva exige inxentes gastos a cargo do concello, ou o que é o mesmo, a cargo dos nosos veciños e veciñas que, finalmente son os que os sufragan a medio de impostos e taxas que soportan..

A presente regulación pretende que os danos causados ao viario municipal sexan soportados polos causantes dos mesmos, cando menos parcialmente.

Como di a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, recurso 406/2009. Fundamento de dereito cuarto "...toda conservación implica intrinsecamente la regulación del uso de aquello que se pretende conservar, mediante actos de tutela y defensa...las autoridades competentes para la conservación, lo son asimismo, para la vigilancia y regulación de los usos comunes y los aprovechamientos especiales, por lo que hemos de concluir la competencia del Municipio para regular los usos de los caminos rurales".

Sigue dicindo a Setenza no seu Fundamento xurídico cuarto " *...con carácter general en principio, no son iguales, nin sirven por ello slos términos de comparación a los efectos de aplicar aquél único precepto que denuncia como infringido, los usos de los caminos rurales, y deterioro consiguiente, realizados por vehículos agrícolas y por aquellos otros (no suposto enxuciado vehículos de uso mineiro). No lo son, incluso, aun en supuestos de similar tonelaje, ya que no cabe descartar, solo por ello, que incidan circunstancias desiguales, referidas, por ejemplo, a las frecuencias de los transitos y a los efectos ligados a la naturaleza del material objeto de transporte*"

As aseveracións que preceden poden e deben facerse igualmente en relación ás explotacións das canteiras.

En orde á competencia municipal para a aprobación desta Ordenanza, aquela emana da potestade regulamentaria do municipio recoñecida polo artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Nesta orde de cousas, recordar que o título habilitante/competencia municipal vén recollido no artigo 25.1.d), 49,80 e 82 da Lei 1985, antes referenciada. No mesmo sentido compre invocar os artigos 74 e seguintes do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; nos artigos 3,4,44,76 e 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, e así mesmo, nos artigos 41 e 92 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Réxime Xurídico do Patrimonio das Administracións Públicas.

Entre ás normas establecidas por esta Ordenanza, destacaremos:

- A exigencia de licenza municipal para o uso especial regulado; licenza que vén exixida polo artigo 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, no que se establece:

"1. El uso común especial normal de los bienes de dominio público se sujetará a licencia, ajustada a la naturaleza del dominio, a los actos de su afectación y apertura al uso público y a los preceptos de carácter general".

- A exigencia dun seguro de Responsabilidade Civil que cubra preventivamente o risco de deterioros especialmente importantes polos gastos que supón a restauración da vía afectada á situación en que se atopaba antes dos depósitos, arrastres e transportes autorizados.

## **TÍTULO PRELIMINAR: OBJETO E FUNDAMENTO**

### **Artigo 1.- Obxecto e fundamento.**

1.1.- De conformidade co disposto nos artigos 4.a) da Lei 7/1 985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e 75 e 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño; o Concello de ..... establece a presente ordenanza reguladora do uso común especial dos camiños de titularidade municipal, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte das cortas de madeira nos montes do municipio. Uso especial que tamén se declara das mesmas operacións derivadas da explotación das canteiras existentes no término municipal.

O obxecto da Ordenanza vén constituído pola cualificación e regulación dos usos comúns especiais establecidos no parágrafo anterior, coa finalidade de garantir a necesaria e obrigada conservación do viario municipal dos deterioros producidos con ocasión dos usos especiais que se regulan.

Enténdese por uso común especial do viario municipal o depósito, arrastre e transporte de madeira, derivados de sacas de madeira provintes da explotación forestal, así como o depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras. Cualificación que trae causa da especial intensidade que as referidas operacións levan consigo, intensidade que se manifesta no grado de deterioro que sofre o viario municipal; deterioro que non se manifesta nos transportes que de forma permanente se realizan polo resto das actividades propias do medio rural.

1.2.- Quedan excluídas da presente ordenanza as pistas forestais definidas no artigo 8.25 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia

### **Artigo 2.-Actividades excluídas.**

Para os efectos desta ordenanza, non teñen a consideración de transportes, e acopios de madeira provinte da explotación forestal:

Podas en plantacións forestais.

Rozas e limpeza de fincas.

Clareo de rebrotes de cepas de menos de tres anos.

Cortas puntuais de exemplares de árbores ornamentais.

Cortas para uso doméstico.

**Artigo.3.- Definicións.** - Para os efectos da aplicación desta ordenanza, considérase:

- Actividade forestal: aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento ventureiro, de semente ou de plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola.
